



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Econometría II		Código	611G01027	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Sánchez Gabarre, Mary Elena		Correo electrónico		
Profesorado	García-Carro Peña, Beatriz Lado González, Eva M ^a Sánchez Gabarre, Mary Elena Sieiro Constenla, Maria Milagros		Correo electrónico	beatriz.garcia-carro@udc.es eva.lado@udc.es m.sieiro@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Esta materia é unha ampliación dos contidos da Econometría I impartida no primeiro cuatrimestre. Nela analízanse diversos temas de gran interese teórico e aplicado para a especificación e estimación de modelos econométricos.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e comprender as consecuencias que sobre os estimadores MCO dos coeficientes do modelo clásico ten o incumprimento dalgunhas das súas hipóteses.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B1 B2 B3	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Saber a forma en que un modelo econométrico pode incorporar información cualitativa.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B3 B4 B5 B6	C3 C4 C5 C6 C7 C8



Coñecer e comprender a forma en que os modelos dinámicos e os de ecuacións múltiples poden ser especificados e estimados.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B9	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer e comprender a utilidade dos modelos econométricos para analizar as relacións económicas que se presentan na economía real.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13	B1 B3 B7 B8 B9	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Utilizar ferramentas informáticas adecuadas para a aplicación das competencias anteriores.	A7 A9 A10		C2 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1) O modelo de regresión lineal xeneralizado (MRLX)	1.1. Hipóteses do modelo. Consecuencias da estimación MCO deste modelo. 1.2. Os estimadores de mínimos cadrados xeneralizados (EMCX). Obtención. 1.3. Heterocedasticidade: estrutura, causas, contrastes, estimación e predición. 1.4. Autocorrelación: estrutura, causas, contrastes, estimación e predición.
2) As variables ficticias nos modelos econométricos.	2.1. Definición e incorporación ao modelo. 2.2. Contrastos de estabilidade da mostra.
3) Modelos de ecuacións simultáneas.	3.1. Introducción. Expresión do modelo. 3.2. Hipóteses que o definen. 3.3. Propiedades dos estimadores MCO. A estimación de variables instrumentais (VI). 3.4. A estimación de mínimos cadrados en dúas etapas (MC2E).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 A7 A9 A11 B1	3	0	3
Sesión maxistral	A9 A11 B2 B8 B9	17	34	51
Obradoiro	A1 A3 A4 A8 A13 B3 B4 C1 C4 C5 C7 C8	15	30	45



Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 A10 A12 C2 C3	7	28	35
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B8 C6	2	9	11
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O curso comezará cunha sesión expositiva na que se presentará a materia, exponse con detalle as actividades a desenvolver polos alumnos e os criterios de avaliación e, finalmente, repasaranse os conceptos básicos das materias de econometría anteriormente cursadas.
Sesión maxistral	Docencia expositiva consistente en leccións impartidas polos profesores nas que se desenvolverá o contido teórico do programa mediante exposición oral complementada por medios audiovisuais. Inclúense exemplos e exercicios que permitan amosar a funcionalidade e limitacións dos métodos expostos.
Obradoiro	Cada taller é unha sesión interactiva na que se realizan aplicacións, exercicios e problemas que permiten aos alumnos comprender os fundamentos teóricos da materia e aprender a valorar, dende un punto de vista crítico, os resultados obtidos.
Prácticas a través de TIC	Trátase de sesións interactivas dedicadas á aprendizaxe das ferramentas informáticas apropiadas para efectuar aplicacións empíricas dos métodos expostos nas sesións teóricas.
Proba obxectiva	Proba escrita para avaliar o grao de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Prácticas a través de TIC Proba obxectiva	<p>É o tempo que o profesor reserva para atender e resolver dúbidas ao alumnado, ben sexa de forma individual ou en pequenos grupos. A atención prestarase nas horas de clase, nas horas prácticas a través de TIC e no horario semanal de titorías.</p> <p>A atención personalizada para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia prestarase principalmente no horario semanal de titorías dos profesores.</p> <p>As TGR impartiranse de maneira presencial e prevese que a súa programación teña lugar ao redor das semanas 10 e 13 do cuadrimestre.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A4 A8 A13 B3 B4 C1 C4 C5 C7 C8	Recoméndase a presenza activa dos alumnos nestas clases, nas que deberán resolver e entregar os controis, problemas, exercicios e cuestións que lles sexan propostos e na forma que lles será indicada. Estas actividades computarán na avaliación ata un máximo de 3 puntos sobre 10.	30
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B8 C6	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Poderá combinar distintos tipos de preguntas de tipo teórico e práctico. Esta proba computará na avaliación ata un máximo de 7 puntos sobre 10.	70

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN1. Condicións de avaliación1.1 Normas para a realización das probas de avaliación presenciaisSeguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, está prohibido acceder á aula na que a se celebre a proba con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñerase que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a normativa correspondente.As persoas que traian dispositivos deste tipo o día da proba ?incluídos teléfonos móbiles ou reloxos intelixentes- e non teñan onde deixalos, deberán depositalos na entrada da aula antes do comezo da proba. O profesorado non se fai responsable da súa posible perda ou extravío.1.2 Normas para a realización das probas de avaliación controladas a través de TeamsAs persoas que vaian realizar a proba deben estar conectadas a Teams en todo momento, salvo que se especifique o contrario de maneira expresa nas instrucións desa proba concreta. Se unha persoa se desconecta de Teams durante a realización da proba ou sae do campo de visión da cámara durante a súa realización, a proba considerarase non entregada. Cada estudante deberá ter a cámara web activada en todo momento; a desconexión da cámara considerarase equivalente a unha desconexión de Teams, e supoñerá que a proba se considere non entregada.O profesorado gravará a proba como garantía da identificación do estudantado e da realización do proceso de avaliación esixido pola Lei Orgánica de Universidades. É responsabilidade de cada estudante configurar o seu espazo para evitar a vulneración da intimidade ou dos datos persoais seus ou de terceiras persoas. En todo o relativo á gravación destas probas aplicarase estritamente a normativa da universidade.Salvo que se indique o contrario, aplicaranse as mesmas normas que nunha proba presencial: non se poderá acceder a ningún dispositivo que permita a comunicación con terceiros y/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, tabletas, computadores, etc. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñerase que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a correspondente normativa.2. Identificación do estudanteO estudante deberá acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente. Para iso o profesorado poderá requirir en calquera momento a identificación do estudante, quen deberá acreditarla mediante a tarxeta de estudante da UDC, o documento nacional de identidade, ou un documento identificativo que a xuízo do profesorado sexa equivalente aos anteriores.3. Procedemento de actuación ante a realización fraudulenta dunha actividade que computa na avaliaciónA realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

B) TIPOS DE CALIFICACIÓN 1. Cualificación de non presentado Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, só serán cualificadas con Non Presentado as persoas que se presentaron a actividades que en conxunto supoñan menos do 20% da nota final desa oportunidade.2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia Aplicaráselle as mesmas normas de avaliación que ao estudantado matriculado a tempo completo, tanto na primeira oportunidade como na segunda. As persoas con recoñecemento de dedicación a tempo parcial están exentas da asistencia a clase, pero teñen a mesma obrigaçión de acudir a calquera tipo de proba de avaliación presencial que o estudantado a tempo completo. C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN 1. Primeira oportunidade A avaliación da materia constará dun ou varios talleres e dunha proba obxectiva: os talleres terán unha cualificación máxima do 30% correspondendo o restante 70% da materia a unha proba obxectiva, que se realizará na data establecida no calendario académico oficial, na que se avaliarán os contidos da materia (temas 1, 2 e 3) sendo necesario obter un mínimo de 2.5 puntos sobre 7 nesta proba.Por tanto, para aprobar a materia é necesario alcanzar un mínimo de 2.5 puntos sobre 7 na proba obxectiva de primeira oportunidade e obter polo menos 5 puntos na suma das cualificacións dos talleres e da proba obxectiva.Os alumnos que non alcanzasen a nota mínima na proba obxectiva (2.5 puntos sobre 7) e que no cómputo global da avaliación obtivesen unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, non terán aprobada a materia e figurarán en actas cunha nota de 4.5.2. Segunda oportunidade O exame de segunda oportunidade realizarase o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade.Os criterios de avaliación na segunda oportunidade serán os mesmos que os aplicados na primeira oportunidade, por tanto a proba obxectiva seguirá valorándose co 70% da cualificación total (cunha nota mínima de 2.5 puntos sobre 7). Para obter o 100% da cualificación nesta segunda oportunidade, o profesorado indicará a proba que será necesaria para recuperar o 30% de avaliación continua. Os estudantes que queiran optar á recuperación do devandito 30% de avaliación deberán ter en conta que a nota definitiva da avaliación continua será a que se obteña nesta segunda oportunidade, perdéndose a puntuación obtida durante a primeira. Para superar a materia a nota final deberá ser igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos que non alcanzasen a nota mínima na proba obxectiva (2.5 puntos sobre 7) e que no cómputo global da avaliación obtivesen unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, non terán aprobada a materia e figurarán en actas cunha nota de 4.5.3. Convocatoria adiantada A avaliación correspondente á oportunidade adiantada desenvolverase a través dunha única proba que se celebrará na data e hora establecidas polo centro. Dita proba valorarase cun máximo de 10 puntos e terá como base o temario completo que se describe no apartado "Contidos" da guía do curso académico vixente. Para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 puntos nesta proba obxectiva. Estas condicións de avaliación son específicas para a oportunidade adiantada e só se aplicarán neste suposto.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Carrascal, U., González, Y. y Rodríguez, B. (2000). Análisis econométrico con EViews. RA-MA- Guisán, M.C. (1997). Econometría. McGraw-Hill- Gujarati, D. y Porter, D. (2011). Econometría. McGraw-Hill- Fernández Gallastegui, Alonso (2004). Econometría. Pearson. Prentice Hall- Ramil, M., Rey, C., Lodeiro, M., Arranz, M. (2013). Introducción a la Econometría. Noroeste S.L ISBN 13:978-84-92794-64-5
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Pena Trapero, J. et al (1999). Cien ejercicios de econometría. Pirámide- Pulido, A. y Pérez, J. (2001). Modelos econométricos. Pirámide- Ramil, M. y Arranz, M. (2001). Modelos de ecuaciones simultáneas. ISBN 84-688-6034-4- Wooldridge, Jeffrey (2015). Introducción a la econometría. Un enfoque moderno.. Cengage Learning <p>A medida que se avanza no coñecemento das técnicas econométricas é recomendable a lectura de artigos enfocados a resolver problemas reais da economía. Poderanse utilizar, ademáis, outros libros de texto así como distintas fontes de datos e materiais dispoñibles na rede que se detallarán ao longo do curso.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estatística I/611G01006
Matemáticas I/611G01009
Microeconomía e Mercados/611G01012
Estatística II/611G01014
Macroeconomía/611G01017
Métodos Estadísticos e Introducción á Econometría/611G01019
Econometría I/611G01022
Matemáticas II/611G02010

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1) REQUISITOS PREVIOS É moi importante que os alumnos estean familiarizados cos contidos das materias de Introducción á Econometría e Econometría I.

2) OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia solicitarase de modo virtual, en formato dixital e sen necesidade de imprimilos.
- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Valorarase positivamente a implicación do alumnado nas actividades realizadas pola Facultade de Economía e Empresa, como a asistencia a conferencias, congresos, participación no Plan de Acción Titorial (PAT), colaboración co proxecto Green Campus, etc.

- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías